

O ESENCIAL DO PARTICIPIO E DO INFINITIVO

PARTICIPIO: o participio e os seus complementos metémolos entre corchetes e sinalamos se é:

- Un **participio concertado**: ten que haber na oración principal un substantivo ou pronome co que concerte en xénero, número e caso.
- Un **participio absoluto**: como mínimo consta dun participio en ablativo e dun substantivo ou pronome co que concorda en xénero, número e caso ablativo. Tamén pode haber complementos (CC, C.Ax., CD...).
- Un **participio absoluto tipo Cicerone Consule**: consta, como mínimo, dun pronome ou nome propio + outro substantivo que indica cargo, etapa vital... Todo está en ablativo. Non hai un participio explícito. Temos que sobreentender o participio do verbo “sum”.

INFINITIVO: o infinitivo e os seus complementos metémolos entre corchetes e sinalamos:

- A **función sintáctica** que fai: suxeito ou CD.
- **Se ten suxeito propio en acusativo ou se o seu suxeito é o da oración principal**. Por tanto falamos, respectivamente, de infinitivo non concertado ou de infinitivo concertado.

A información que debe constar ao lado dos corchetes é, por exemplo, “oración de infinitivo concertada con función de suxeito” (= or. inf. conc. sux.)